

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2024**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construción dun edificio de planta baixa e planta semisótano para supermercado, na rúa das Artes esquina paseo dos Estudantes, Sector Sur-K, parcela B-2. (2023/Y001/000048) e para a modificación da superficie en vivenda unifamiliar, con licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do 13 de xullo de 2022, procedemento 2021/Y001/000025, no núcleo rural de cima de Vila-Toiriz-Tabernas-Santuiño, parroquia de Piúgos (2024/Y001/000016).

### **ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**2. PERSOAL.-** Acórdase o compromiso de incorporación dunha praza de auxiliar administrativo/a no servizo de facenda local na próxima Oferta de Emprego Público para o ano 2024.

Tamén se acorda a prórroga da comisión de servizos da xefatura de Servizo de Educación.

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do

gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada.5. contratación dun servizo de xantar no fogar do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. expte. ref. 2024/C003/000004.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase aprobar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras da construción de cuberta de foxa de xurro existente en explotación gandeira de bovino de leite en Ventosiños de Arriba, Parroquia de Coeses.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**